

IES TORRENTE
BALLESTER

**Programación do
departamento de
LINGUA GALEGA E
LITERATURA**

ano 2019-20

VOLUME 3
1º e 2º Bach.

Sumario

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.....	5
2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.....	6
3.DISTRIBUCIÓN DA MATERIA EN BLOQUES.....	6
4. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS.....	7
1. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).....	7
2. Competencia dixital (CD).....	8
3. Aprender a aprender (CAA).....	8
4. Competencias sociais e cívicas (CSC).....	8
5. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).....	9
6. Conciencia e expresións culturais (CCEC).....	9
5. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	10
6. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E PRÁCTICA DOCENTE.....	10
6.1. REXISTRO PARA A AUTOAVALIACIÓN DO PROFESORADO: PLANIFICACIÓN.....	10
6.2. REXISTRO PARA A AUTOAVALIACIÓN DO PROFESORADO: MOTIVACIÓN DO ALUMNADO	11
6.3. REXISTRO PARA A AUTOAVALIACIÓN DO PROFESORADO: DESENVOLVEMENTO DO ENSINO.....	11
6.4. REXISTRO PARA A AUTOAVALIACIÓN DO PROFESORADO: SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO-APRENDIZAXE.....	11
1º BACHARELATO.....	13
1. GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE CORRESPONDENTES.....	14
2. TEMPORALIZACIÓN.....	16
3. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.....	17
3.1. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.....	17
3.1.1. OBSERVACIÓN:.....	17
3.1.2. PROBAS ESCRITAS e EXAMES:.....	18
3.2. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN.....	18
3.2.1. AVALIACIÓN PARCIAIS.....	18
3.2.2. AVALIACIÓN FINAL.....	18
4. CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.....	19

4.1. CRITERIOS DE AVALIACIÓN:.....	19
4.2. PROMOCIÓN DO ALUMNADO:.....	19
5. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.....	20
2º BACHARELATO.....	21
1. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.....	22
2. CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES DA MATERIA.....	22
3. TEMPORALIZACIÓN.....	22
4. GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA.....	22
5. INSTRUMENTOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN.....	23
5.1. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.....	23
A. TRABALLO DIARIO: supón un 10% da nota avaliación trimestral.....	23
B. PROBAS ESCRITAS: supoñen o 90% da nota avaliación trimestral.....	24
5.2. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN.....	24
AVALIACIÓNS PARCIAIS.....	24
AVALIACIÓN FINAL.....	24
5.3. CRITERIOS DE CORRECCIÓN ESCRITA.....	25
6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.....	25
7. PROCEDEMENTOS PARA A SUPERACIÓN DA MATERIA PENDENTE DE 1º DE BACH.....	30

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

No marco da LOMCE, o Bacharelato ten como finalidade proporcionar ao alumnado formación, madurez intelectual e humana, coñecementos e habilidades que os faculen para desenvolver funcións sociais e para se incorporar á vida activa con responsabilidade e competencia. Tamén capacitará o alumnado para acceder á educación superior. Todo isto a través das capacidades que se determinan na lei e na ordenación xurídica pertinente.

Como materia do *curriculum*, a lingua é, tal vez, unha das máis significativas pois é instrumento de comunicación e interacción social, medio para a conservación e transmisión do coñecementos e vehículo de participación cidadá na vida social e política, da investigación, da creación artística, experimentación e descuberta en xeral. Para alén diso, o idioma galego é, no contexto social actual, un baluarte da identidade política e cultural dos galegos como pobo sen estado integrado na Europa.

A LOMCE, segundo o Real Decreto 1105/2014, do 26 de decembro, establece os seguintes obxectivos xerais para a Lingua Galega e Literatura:

«A materia Lingua Galega e Literatura ten como obxectivo o desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado, entendida en todas as súas vertentes: pragmática, lingüística, sociolingüística e literaria. Debe tamén achegar as ferramentas e os coñecementos necesarios para se desenvolver satisfactoriamente en calquera situación comunicativa da vida familiar, social e profesional. Eses coñecementos son os que articulan os procesos de comprensión e expresión oral por un lado, e de comprensión e expresión escrita por outro. A estruturación do pensamento do ser humano faise a través da linguaxe, de aí que esa capacidade de comprender e de expresarse sexa o mellor e o máis eficaz instrumento de aprendizaxe».

«A finalidade da reflexión lingüística é o coñecemento progresivo da propia lingua, que se produce cando o alumnado percibe o uso de diferentes formas lingüísticas para diversas funcións e cando analiza as súas propias producións e as dos que o rodean para comprendelas, avalialas e, no seu caso, corrixilas. A reflexión literaria a través da lectura, comprensión e interpretación de textos significativos favorece o coñecemento das posibilidades expresivas da lingua, desenvolve a capacidade crítica e creativa dos estudantes, dálles acceso ao coñecemento doutras épocas e culturas e enfróntaos a situacións que enriquecen a súa experiencia do mundo e favorecen o coñecemento de si mesmos.

«Os elementos de Lingua Galega e Literatura supoñen unha progresión respecto aos saberes e habilidades adquiridos desde o inicio da vida escolar. O enfoque comunicativo centrado no uso funcional da lingua artículase ao redor dun eixe que é o uso social da lingua en diferentes ámbitos: privados e públicos, familiares e escolares. A materia céntrase na aprendizaxe das destrezas discursivas que poden darse en diversos ámbitos: o das relacións persoais, o académico, o social e o dos medios de comunicación, cuxo dominio require procedementos e coñecementos explícitos acerca do funcionamento da linguaxe en todas as súas dimensións, tanto relativos aos elementos formais como ás normas sociolingüísticas que presiden os intercambios.

«A lectura de textos diversos e a súa comprensión contribúe á adquisición de destrezas comunicativas».

En definitiva, as materias de lingüísticas, quer a castelá quer a galega, presentan para todos os niveis de secundaria ou de bacharelato unha distribución de contidos moi similar en cinco bloques, como figuran no anexo III da orde de 27 de Xullo de 2015, co obxectivo de contribuír ao desenvolvemento intelectual, persoal, sentimental e social do individuo.

Nesta programación escollemos, seguindo o modelo proposto polo texto legal, un

cadro para sintetizar as interrelacións que se pretenden establecer entre contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, competencias clave, temas transversais, obxectivos, actividades e outros *item*, feito que, doutro modo faría interminábel unha pormenorizada descrición de todas as posibilidades de interrelación.

2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

Considerando que as competencias clave procuradas pola LOMCE están predeterminadas nesta e non requiren de maiores puntualizacións, para determinar de maneira básica como esta programación contribúe ao seu desenvolvemento remitimos ao cadro que figura na parte inferior como síntese das interrelacións dos diversos aspectos que deben terse en conta no desenvolvemento da materia.

3.DISTRIBUCIÓN DA MATERIA EN BLOQUES

O bloque 1, «Comunicación oral. escoitar e falar», atende ao uso oral da lingua, e este é obxecto de observación e de análise para recoñecer as normas que rexen o intercambio comunicativo, para observar as estratexias que usan os/as falantes para se comunicar satisfactoriamente, así como as que empregan para comprender ou para producir mensaxes orais. Non obstante, este bloque incide, sobre todo, na necesidade de que o alumnado galego teña modelos de fala adecuados e poida pór en práctica a súa lingua dentro da aula en contextos formais e informais. A realidade sociolingüística de cada centro docente determinará a atención que o profesorado deberá dedicar na aula a este bloque, para que o alumnado poida cumprir adecuadamente cos estándares de aprendizaxe descritos.

O bloque 2, «Comunicación escrita. Ler e escribir», ocúpase da comprensión e a produción escrita. O alumnado debe ser quen de entender textos de diferente complexidade e xénero, e extraer as ideas explícitas e implícitas no texto co fin de elaborar o seu propio pensamento crítico e creativo. Comprender un texto implica pór en marcha unha serie de estratexias de lectura que deben practicarse na aula e proxectarse a todas as esferas da vida e a calquera tipo de lectura: ler para obter información, para aprender a propia lingua e por pracer. Igualmente, a produción escrita significará procurar para cada situación o tipo de texto, adecuando, planificando e redactando, atendendo a aspectos diversos, e revisando a escrita final.

O bloque 3, «Funcionamento da lingua», integra contidos relacionados co código e a súa organización, e responde á necesidade de reflexión sobre a propia lingua, coa finalidade de servir de base para o seu uso correcto, afastándose da pretensión de utilizar os coñecementos lingüísticos como fin en si mesmo.

O bloque 4, «Lingua e sociedade», céntrase na necesidade de que o alumnado coñeza, explique e valore o plurilingüismo como unha situación habitual e enriquecedora para todos os individuos. Do mesmo xeito, incídese na identificación e superación dos prexuízos e na pertinencia de que o alumnado recoñeza e empregue termos sociolingüísticos precisos.

O bloque 5, «Educación literaria», asume o obxectivo de facer dos alumnos e as alumnas lectores e lectoras competentes, con implicación nun proceso de formación de

lectura que continúe ao longo de toda a vida. Ademais, o alumnado achegarase á historia da literatura galega, así como ás súas obras e aos seus autores e as súas autoras máis salientables, e recoñecerá a vinculación destes produtos literarios coa historia de Galicia.

O tratamento de todos estes contidos ten que abordarse desde unha óptica competencial, valorando as relacións que cada un ten coas competencias clave, que aparecen especificadas, a partir dos estándares de aprendizaxe avaliábeis, neste currículo.

A avaliación terá que ser coherente coa diversidade de contidos traballados e, daquela, ter en conta os contidos abordados nos cinco bloques en que se estrutura este currículo. Do mesmo xeito, deberá ser unha avaliación competencial, que teña en conta a relación que se establece no currículo entre os estándares de aprendizaxe detallados en cada bloque, coas competencias clave.

4. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

1. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)

A competencia matemática implica a aplicación do razoamento matemático e as súas ferramentas para describir, interpretar e predicir distintos fenómenos no seu contexto.

Esta competencia require coñecementos sobre os números, as medidas e as estruturas, as operacións e as representacións matemáticas, e a comprensión dos termos e conceptos matemáticos.

O uso de ferramentas matemáticas implica unha serie de destrezas que requiren a aplicación dos principios e procesos matemáticos en distintos contextos.

Trátase da importancia das matemáticas no mundo e de utilizar os conceptos, procedementos e ferramentas para aplicarlos na resolución dos problemas que poidan xurdir nunha situación determinada ao longo da vida. A competencia matemática inclúe unha serie de actitudes e valores que se basean no rigor, o respecto aos datos e a veracidade.

Xa que logo, para o adecuado desenvolvemento da competencia matemática resulta necesario abordar catro áreas relativas aos números, á álgebra, á xeometría e á estatística, interrelacionadas de formas diversas, a través da cantidade, o espazo e a forma, o cambio e as relacións, e a incerteza e os datos.

As competencias básicas en ciencia e tecnoloxía son aquelas que proporcionan un achegamento ao mundo físico e á interacción responsable con el para a conservación e mellora do medio natural, a protección e mantemento da calidade de vida e o progreso dos pobos. Estas competencias contribúen ao desenvolvemento do pensamento científico e capacitan a cidadáns e cidadás responsables e respectuosos que desenvolven xuízos críticos sobre os feitos científicos e tecnolóxicos que se suceden ao longo dos tempos, pasados e actuais. Estas competencias han de capacitar para identificar, expor e resolver situacións da vida cotiá, igual que se actúa fronte aos retos e problemas propios das actividades científicas e tecnolóxicas.

Para o adecuado desenvolvemento das competencias en ciencia e tecnoloxía resultan necesarios coñecementos científicos relativos á física, á química, á bioloxía, á xeoloxía, ás matemáticas e á tecnoloxía. Así mesmo, hanse de fomentar as destrezas para utilizar e manipular ferramentas e máquinas tecnolóxicas, e utilizar datos e procesos científicos para alcanzar un obxectivo.

Hanse de incluír actitudes e valores relacionados coa asunción de criterios éticos asociados á ciencia e á tecnoloxía, o interese pola ciencia, o apoio á investigación científica, a valoración do coñecemento científico, e o sentido da responsabilidade en relación á conservación dos recursos naturais, ás cuestións ambientais e á adopción dunha actitude

adecuada para lograr unha vida física e mental saudable nun contorno natural e social.

Os ámbitos que se deben abordar para a adquisición das competencias en ciencias e tecnoloxía son os sistemas físicos, os sistemas biolóxicos, os sistemas da Terra e do Espazo, e os sistemas tecnolóxicos.

Por último, a adquisición das competencias en ciencia e tecnoloxía require a formación e práctica na investigación científica e na comunicación da ciencia.

2. Competencia dixital (CD)

Esta competencia consiste en dispor de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información, e para transformala en coñecemento. Incorpora diferentes habilidades, que van desde o acceso á información até a súa transmisión en distintos soportes unha vez tratada, incluíndo a utilización das tecnoloxías da información e da comunicación como elemento esencial para informarse, aprender e comunicarse.

Implica ser unha persoa autónoma, eficaz, responsable, crítica e reflexiva ao seleccionar, tratar e utilizar a información e as súas fontes, así como as distintas ferramentas tecnolóxicas; tamén, ter unha actitude crítica e reflexiva na valoración da información dispoñible, contrastándoa cando é necesario, e respectar as normas de conduta socialmente acordadas para regular o uso da información e as súas fontes nos distintos soportes.

Para o adecuado desenvolvemento da competencia dixital resulta necesario abordar a información, a análise e a interpretación desta, a comunicación, a creación de contidos, a seguridade e a resolución de problemas, tanto teóricos coma técnicos.

3. Aprender a aprender (CAA)

Aprender a aprender supón dispor de habilidades para iniciarse na aprendizaxe e ser capaz de continuar aprendendo de maneira cada vez máis eficaz e autónoma, de acordo aos propios obxectivos e necesidades.

Aprender a aprender implica a conciencia, xestión e control das propias capacidades e coñecementos desde un sentimento de competencia ou eficacia persoal, e inclúe tanto o pensamento estratéxico como a capacidade de cooperar, de se autoavaliar, e o manexo eficiente dun conxunto de recursos e técnicas de traballo intelectual. Todo iso desenvólvese, a través de experiencias de aprendizaxe conscientes e gratificantes, tanto individuais coma colectivas.

4. Competencias sociais e cívicas (CSC)

Estas competencias implican a habilidade e a capacidade para utilizar os coñecementos e actitudes sobre a sociedade, interpretar fenómenos e problemas sociais en contextos cada vez máis diversificados, elaborar respostas, tomar decisións e resolver conflitos, así como para interactuar con outras persoas e grupos, conforme a normas baseadas no respecto mutuo e en conviccións democráticas.

En concreto, a competencia social relaciónase co benestar persoal e colectivo. Os elementos fundamentais desta competencia inclúen o desenvolvemento de certas destrezas como a capacidade de se comunicar dunha maneira construtiva en distintos contornos sociais e culturais, mostrar tolerancia, expresar e comprender puntos de vista diferentes, negociar sabendo inspirar confianza e sentir empatía.

Así mesmo, esta competencia inclúe actitudes e valores como unha forma de colaboración, a seguridade nun mesmo e a integridade e honestidade.

A competencia cívica baséase no coñecemento crítico dos conceptos de democracia,

xustiza, igualdade, cidadanía e dereitos humanos e civís, así como da súa formulación na Constitución española, no Estatuto de Autonomía de Galicia, na Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea e en declaracións internacionais, e da súa aplicación por parte de diversas institucións a escala local, autonómica, nacional, europea e internacional.

As actitudes e valores inherentes a esta competencia son aqueles que se dirixen ao pleno respecto dos dereitos humanos e á vontade de participar na toma de decisións democráticas a todos os niveis, e implica manifestar o sentido da responsabilidade e mostrar comprensión e respecto dos valores compartidos, que son necesarios para garantir a cohesión da comunidade, baseándose no respecto dos principios democráticos.

Polo tanto, para o adecuado desenvolvemento destas competencias é necesario comprender o mundo no que se vive, en todos os aspectos sociais, culturais e humanos. Pero tamén incorporan formas de comportamento individual que capacitan ás persoas para convivir en sociedade.

5. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)

Esta competencia implica a capacidade de transformar as ideas en acto, o que significa adquirir conciencia da situación a intervir ou resolver, e saber elixir, planificar e xestionar os coñecementos, destrezas ou habilidades e actitudes necesarios con criterio propio, co fin de alcanzar o obxectivo previsto.

A adquisición desta competencia é determinante na formación de futuros cidadáns e cidadás emprendedores, contribuíndo así á cultura do emprendemento.

Entre os coñecementos que require a competencia inclúese a capacidade de recoñecer as oportunidades existentes para as actividades persoais, profesionais e comerciais.

Para o adecuado desenvolvemento desta competencia, resulta necesario abordar a capacidade creadora e de innovación, a capacidade proactiva para xestionar proxectos, a capacidade de asunción e xestión de riscos e manexo da incerteza, as calidades de liderado e traballo individual e en equipo, e por último, o sentido crítico e da responsabilidade.

6. Conciencia e expresións culturais (CCEC)

Esta competencia implica coñecer, comprender, apreciar e valorar con espírito crítico, cunha actitude aberta e respectuosa, as diferentes manifestacións culturais e artísticas, utilízalas como fonte de enriquecemento e goce persoal e considéralas como parte da riqueza e patrimonio dos pobos.

Incorpora tamén unha compoñente expresiva referida á propia capacidade estética e creadora e ao dominio daquelas capacidades relacionadas cos diferentes códigos artísticos e culturais, para poder utilízalas como medio de comunicación e expresión persoal. Implica igualmente manifestar interese pola participación na vida cultural e por contribuír á conservación do patrimonio cultural e artístico, tanto da propia comunidade coma doutras comunidades.

Polo tanto, require de coñecementos que permitan acceder ás distintas manifestacións sobre a herdanza cultural a escala local, nacional e europea e o seu lugar no mundo. Comprende a concreción da cultura en diferentes autores e obras, xéneros e estilos, tanto das belas artes coma doutras manifestacións artístico-culturais da vida cotiá.

Para o adecuado desenvolvemento da competencia para a conciencia e expresión cultural resulta necesario abordar o coñecemento, estudo e comprensión de distintos estilos e xéneros artísticos e das principais obras e producións culturais e artísticas; a aprendizaxe das técnicas e recursos; o desenvolvemento da capacidade e intención de expresarse e comunicar ideas, experiencias e emocións propias; a potenciación da iniciativa, a creatividade e a imaxinación propias de cada individuo de cara á expresión das propias ideas e sentimentos; o

interese, aprecio, respecto, gozo e valoración crítica das obras artísticas e culturais; a promoción da participación na vida e a actividade cultural da sociedade na que se vive; e por último, o desenvolvemento da capacidade de esforzo, constancia e disciplina para a creación de calquera produción artística de calidade.

5. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

As medidas de atención á diversidade na educación secundaria obrigatoria están orientadas a responder ás necesidades educativas concretas do alumnado, ao logro dos obxectivos desta etapa educativa e á adquisición das competencias correspondentes, e non poderán, en ningún caso, supoñer unha discriminación que lle impida alcanzar os devanditos obxectivos e competencias, e a titulación correspondente. No caso da educación secundaria post-obrigatoria (bacharelato) as medidas de atención á diversidade estarán encamiñadas aos mesmos fins aínda que a súa posta en marcha fica necesariamente no ámbito do grupo en que o alumnos con necesidade especiais fica incluído.

A atención educativa á diversidade enténdese como o conxunto de medidas e accións deseñadas coa finalidade de adecuar a resposta educativa ás diferentes características, potencialidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses e situacións sociais e culturais do alumnado. Estas medidas e accións implican a toda a comunidade educativa e deben concretarse en propostas curriculares e organizativas que teñan en conta a pluralidade de todas e cada unha das alumnas e alumnos.

Trátase de conseguir que todas as persoas consigan acadar o máximo desenvolvemento persoal e social, polo que é necesario facilitarlles unha educación adaptada ás súas singularidades, que garanta a igualdade efectiva de oportunidades, ofrecéndolles os recursos necesarios.

En consonancia con estas dificultades e, sobre todo, coa complexísima casuística que se dá no ámbito da diversidade, a adaptación da Programación Xeral será en moitos casos unha prerrogativa e un traballo de cada profesor/a, que será quen deba diagnosticar a situación de partida de cada alumno en base a unha avaliación inicial, e a partir de aí desenvolver estratexias de integración e de aprendizaxe con actuacións personalizadas, que por norma xeral implicarán unha redución dos contidos e das esixencias con relación ao previsto na Programación Xeral.

Obviamente, a aplicación das medidas que se programen estará supeditada á atención xeral ao grupo, sempre prioritaria. No caso de tratarse dun grupo de alumnos problemático ou de baixo nivel, a atención que requiren os alumnos do ámbito da diversidade pode verse limitada. Polo contrario, de tratarse dun grupo de bo nivel, o ambiente de traballo e a solidariedade poden axudar enormemente a que estas persoas progresen na materia.

6. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E PRÁCTICA DOCENTE

6.1. REXISTRO PARA A AUTOAVALIACIÓN DO PROFESORADO: PLANIFICACIÓN

1. Programa a materia tendo en conta os estándares de aprendizaxe previstos nas leis educativas.

2. Programa a materia tendo en conta o tempo dispoñible para o seu desenvolvemento.
3. Selecciona e secuencia de forma progresiva os contidos da programación de aula tendo en conta as particularidades de cada un dos grupos de estudantes
4. Programa actividades e estratexias en función dos estándares de aprendizaxe.
5. Planifica as clases de modo flexible, preparando actividades e recursos axustados á programación de aula e ás necesidades e aos intereses do alumnado.
6. Establece os criterios, procedementos e os instrumentos de avaliación e autoavaliación que permiten facer o seguimento do progreso de aprendizaxe dos seus alumnos e alumnas.
7. Coordínase co profesorado doutros departamentos que poidan ter contidos afíns á súa materia.

6.2. REXISTRO PARA A AUTOAVALIACIÓN DO PROFESORADO: MOTIVACIÓN DO ALUMNADO

1. Proporciona un plan de traballo ao principio de cada unidade.
2. Propón situacións que introduzan a unidade (lecturas, debates, diálogos...).
3. Relaciona as aprendizaxes con aplicacións reais ou coa súa funcionalidade.
4. Informa sobre os progresos conseguidos e as dificultades encontradas.
5. Relaciona os contidos e as actividades cos intereses do alumnado.
6. Estimula a participación activa dos estudantes en clase.
7. Promove a reflexión dos temas tratados.

6.3. REXISTRO PARA A AUTOAVALIACIÓN DO PROFESORADO: DESENVOLVEMENTO DO ENSINO

1. Resume as ideas fundamentais discutidas antes de pasar a unha nova unidade ou tema con mapas conceptuais, esquemas...
2. Cando introduce conceptos novos, relaciónaos, se é posible, cos xa coñecidos; intercala preguntas aclaratorias; pon exemplos...
3. Ten predisposición para aclarar dúbidas e ofrecer asesorías dentro e fóra das clases.
4. Optimiza o tempo dispoñible para o desenvolvemento de cada unidade didáctica.
5. Utiliza axuda audiovisual ou doutro tipo para apoiar os contidos na aula.
6. Promove o traballo cooperativo e mantén unha comunicación fluída cos estudantes.
7. Desenvolve os contidos dunha forma ordenada e comprensible para os alumnos e as alumnas.
8. Propón actividades que permitan a adquisición dos estándares de aprendizaxe e as destrezas propias da etapa educativa.
9. Propón actividades grupais e individuais.

6.4. REXISTRO PARA A AUTOAVALIACIÓN DO PROFESORADO: SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO-APRENDIZAXE

1. Realiza a avaliación inicial ao principio de curso para axustar a programación ao nivel dos estudantes.
2. Detecta os coñecementos previos de cada unidade didáctica.
3. Revisa, con frecuencia, os traballos propostos na aula e fóra dela.
4. Proporciona a información necesaria sobre a resolución das tarefas e como pode melloralas.
5. Corrixe e explica de forma habitual os traballos e as actividades dos alumnos e as alumnas, e dá pautas para a mellora das súas aprendizaxes.
6. Utiliza suficientes criterios de avaliación que atendan de xeito equilibrado a avaliación dos diferentes contidos.
7. Favorece os procesos de autoavaliación e coavaliación.

8. Propón novas actividades que faciliten a adquisición de obxectivos cando estes non foron alcanzados suficientemente.
9. Propón novas actividades de maior nivel cando os obxectivos foron alcanzados con suficiencia.
10. Utiliza diferentes técnicas de avaliación en función dos contidos, o nivel dos estudantes, etc.
11. Emprega diferentes medios para informar dos resultados aos estudantes e aos pais.

1º BACHARELATO

1. GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE CORRESPONDENTES

Dado que os estándares de aprendizaxe procurados pola LOMCE están predeterminadas nesta, remetemos aos documentos oficiais para consultalos. Respecto dos mínimos avaliabeis para superar o nivel de 1º de Bacharelato enumeramos os seguintes:

1- **Comprende o sentido dun texto, oral ou escrito, a súa intención comunicativa, estrutura e características, recoñece o tema, as ideas principais** e secundarias e traslada a información relevante a esquemas e mapas conceptuais. LGB1.1.1, LGB1.1.2, LGB1.1.3, LGB 1.2.1.LGB1.2.2. LGB1.2.4, LGB 1.3.2, LGB2.1.2, LGB2.1.3, LGB2.3.1, LGB2.3.2, LGB2.3.3

2- **Comprende, interpreta, analiza e valora diferentes tipos de textos** (expositivos, argumentativos do ámbito académico, informativos de opinión e da publicidade) LGB 1.3.3, LGB2.1.2, LGB2.1.3, LGB2.4.1, LGB2.5.1, LGB2.6.1, LGB2.7.1., LGB2.10.1

3- **Realiza producións orais planificadas e espontáneas** adecuadas á situación comunicativa con coherencia, cohesión, corrección (fonética, léxica e gramatical), con o sen a axuda das TIC e con control das emocións ao falar en público. LGB1.4.1, LGB1.5.1, LGB1.5.2, LGB1.5.3, LGB1.5.4, LGB1.5.5, LGB1.5.6, LGB1.6.1, LGB1.6.2, LGB1.6.3, LGB1.8.1, LGB1.8.2, LGB1.10.1, LGB1.11.1, LGB2.7.1., LGB2.10.2, LGB3.1.1, LGB1.6.2, LGB1.6.3, **LGB1.6.4**

4- **Planifica, produce e revisa textos escritos** de diferentes ámbitos de uso, adecuados á situación e á intención comunicativa, con coherencia, cohesión, corrección gramatical, con ou sen a axuda das TIC ao longo de todo o proceso. LGB1.6, LGB1.6.2, LGB1.6.3, LGB1.6.4, LGB1.8.1, LGB1.10.1, LGB2.1.1, LGB2.1.4, LGB2.2.1, LGB2.2.3, LGB2.2.4, LGB2.2.5, LGB2.3.1 LGB2.3.2, LGB2.3.3, LGB2.3.5, LGB2.7.1, LGB2.8.1, LGB2.9.1, LGB2.10.1, LGB2.10.2, LGB2.10.3, LGB3.1.1, LGB3.3.1, LGB4.7.5

5- Identifica e define a **comunicación e os elementos** básicos desta segundo a teoría da comunicación, así como clasifica os **diversos tipos de códigos** (lingüísticos, representativos de 1º e 2º grao e paralingüísticos). e os **diversos tipos de signos** (imaxes, indicios e símbolos) **LGB3.1.2.**

6- Identifica e clasifica os **fonemas** e os diferencia dos **fonos**. LGB3.1.2.

7- Indentifica, define e clasifica **os signos lingüísticos** e as súas diversas **categorías**, relacionándoas coas **disciplinas que os estudan**. LGB3.1.2.

8- Utiliza adecuadamente as **variedades morfemáticas** de cada un dos tipos de palabra (**xénero, número**, grao, persoa, conxugación, modo e tempo, número e persoa...) LGB1.7.2, LGB1.7.3, LGB1.7.4, LGB3.1.2., LGB3.4.1, LGB3.5.1,

9- Usa adecuadamente as **formas verbais** segundo as súas características e significados (conxugación, tempo, forma segundo o tempo, concordancia...) e as **perífrases verbais** habituais. LGB1.7.3, LGB1.7.4, LGB3.1.2, LGB3.5.1, **LGB3.6.1,**

10- Recoñece e **clasifica os tipos de monemas** que constitúen as palabras LGB3.1.2., LGB3.4.1

11- Utiliza adecuadamente e clasifica segundo as súas categorías os **pronomes persoais** tónicos e átonos, os determinantes demostrativos, posesivos, cuantificadores, etc. LGB3.1.2., LGB3.4.1, **LGB3.5.1, LGB3.9.1**

- 12- Recoñece e usa adecuadamente as **palabras invariábeis**: preposicións, adverbios e conxuncións. LGB3.1.2, **LGB3.7.1, LGB3.8.1**
- 13- Recoñece, clasifica e usa adecuadamente os **diversos tipos de sintagmas** (nominal, adxectivo, adverbial, preposicional e verbal) e **de oracións** (simples, compostas, complexas e interordinadas). LGB3.1.2, LGB3.4.1
- 14- Coñece, define e usa adecuadamente as **diversas variedades da lingua** (diatráticas, diafásicas, diatópicas e diacrónicas) LGB3.1.2, LGB3.4.1
- 15- Coñece e define as **funcións sociais da lingua** e as pon en relación cos usos da lingua nas diversas etapas da súa historia. LGB3.2.1, **LGB4.1.1**
- 16- Deferencia e define conceptos como **variedade dialectal, dialecto e co-dialecto**. LGB2.2.2, LGB2.2.3, LGB3.2.1, LGB4.2.2, LGB4.2.3
- 17- Diferencia, define e pon en relación conceptos como **lingua, norma e fala**. LGB3.2.1, LGB4.2.3
- 18- Coñece, diferencia e pode definir **substrato**, lingua base, **superestrato** e adstrato, e pon en relación con estes os aportes correspondentes. LGB4.3.1, **LGB4.3.2**, LGB4.4.1
- 19- Coñece, diferencia e pode definir ecolingüismo, **lingua minoritaria**, lingua **minorizada**, conflito lingüístico, **substitución lgtca**, bilingüismo, **diglosia...** **LGB4.2.3**
- 20- Recoñece **aportes de adstratos** diversos inclusive os procedentes do español, **diferenciando os aportes das interferencias**, e evita o uso de interferencias do español a nivel oral e escrito. LGB4.2.3
- 21- Diferencia enumera e pode dar **características das diversas etapas da lingua** galega na súa historia. LGB4.2. **LGB4.5.1**, LGB4.5.2, LGB4.5.3, **LGB4.6.1**, LGB4.6.2, **LGB4.7.1**, LGB4.7.2, LGB4.7.3, LGB4.7.4
- 22- Coñece e pode distribuír nun mapa-mundi os 11 **macrogrupos lgtcos segundo M Ruhlen**. **LGB4.2.1**
- 23- Coñece e pode clasificar e distribuír nun mapa **os diversos idiomas europeos** segundo o seu macrogrupo, grupo e subgrupo. **LGB4.2.1**
- 24- Coñece, define e dá conta de conceptos como **familia léxica e campo semántico**, e establece relación co **cultismo, semicultismo e palabra patrimonial**. LGB3.2.1, **LGB4.4.1, LGB4.4.2**
- 25- Define o concepto “literatura” e **recoñece textos literarios** e os **analiza e comenta** nos aspectos formais **dun texto narrativo, lírico e dramático**. LGB4.7.5, LGB5.1.1, LGB5.1.2, LGB5.1.3, **LGB5.2.2**, LGB5.8
- 26- Coñece e define os tipos de **autores e intérpretes, xéneros e medios de transmisión da lírica trobadoresca** medieval. LGB5.3.1, LGB5.5.1, LGB5.6.1
- 27- Coñece e clasifica as diversas manifestacións da **prosa da I. Media**. LGB4.5.3, LGB5.3.1, LGB5.4.1, LGB5.7.1, LGB5.8
- 28- Coñece e clasifica estéticamente as diversas manifestacions da **literatura nos Séculos XVI, XVII e XVIII**. LGB4.6.1, LGB4.6.2, LGB4.6.3

29- Coñece e sitúa os textos dos principais **autores da primeira metade do século XIX** e dos autores **líricos do Rexurdimento** así como dá conta da **situación da produción dramática e narrativa** dos seus autores e obras principais. LGB4.7.2, LGB4.7.3, LGB4.7.4

2. TEMPORALIZACIÓN

A distribución dos contidos ao longo do ano académico é un dos poucos factores que a LOMCE deixa en mans dos docentes. A duración e dedicación a cada un dos contidos do curriculum está condicionada por diversos factores que teñen a ver coas características do grupo, a interrelación docente-alumnado, o nivel de coñecementos e destrezas real de cada un dos membros do grupo, o interese e a participación e un longo etc. A temporalización está detallada no cadro síntese que figura adiante en número de sesións aproximadas e por semanas, a modo de indicación. Necesariamente esta temporalización é unha proposta condicionada aos factores arriba indicados como a outros de carácter máis obxectivos como a coincidencia de períodos lectivos con días festivos ou períodos vacacionais, horarios e outras actividades do centro que poidan interferir no desenvolvemento, con frecuencia desigual, dos diversos grupos do mesmo nivel.

No que atinxe aos contidos dos bloques 1 e 2, por seren de seu instrumentais para o desenvolvemento do normal curso académico, non serán apenas tratados e avaliados durante os períodos que figuran a seguir, senón que están presentes e en permanente uso ao longo de todo o proceso, aínda máis, o resultado deses dous bloques será avaliado polos diversos instrumentos de avaliación ao longo de todo o curso mas tamén en probas orais específicas para os alumnos con evidentes dificultades expresivas orais

No primeiro trimestre ocuparémonos da comunicación, os elementos desta, códigos e tipos de códigos, signos e tipos, signo lgtco e niveis de signo lgtco e disciplinas de estudo, enumeración, análise e uso de morfemas gramaticais e léxicos, palabras invariábeis e variábeis, relación destas (campo semántico e familia lingüística), sintagmas e tipos de sintagmas, oracións e tipoloxía, parágrafos e textos. Tipos de textos e características dos tipos de textos literarios e non literarios.

Durante **o segundo trimestre** os alumnos analizarán, reflexionarán e aprenderán todo o relacionado coa socio-lingüística, a variedade lingüística do mundo, de Europa e da P. Ibérica así como dentro da propia lingua e a historia do idioma desde os aportes de substrato até os inicios do século XX. Así pois falaremos de linguas en contacto, das fases de contacto entre linguas, minorización e diglosia, normalización. Aprenderán os conceptos e a súa aplicación a diversos contextos de lingua nativa, propia, materna, oficial, co-oficial a través da lexislación vixente en España e noutros países do noso entorno. Trataranse as linguas de substrato, lingua base, superestratos e adstratos, interferencias e aportes (empréstimos, extranxeirismo, decalcos...). Funcións sociais da lingua, distribución das linguas en conflito, variedades diastráticas, diatópicas, diacrónicas e difásicas. Dentro destes apartados serán tamén tratados os conceptos de estándar, niveis lingüísticos e outros relacionados. No que atinxe á variedade falarase dos diversos macrogrupos lingüístico do mundo segundo Merrit Ruhlen, e as linguas de Europa e a P. Ibérica e a súa adscrición a estes macrogrupos.

No terceiro trimestre os alumnos adquirirán coñecementos sobre a literatura (que é a arte literaria) tipos de textos e xéneros literarios, practirán comentarios de textos literarios na nosa lingua e aprenderán os diversos períodos da produción literaria, cos movementos estéticos predominantes, os autores significativos e as súas obras, desde o período medieval até o 1916.

3. PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

3.1. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Establecemos para o presente ano académico os seguintes instrumentos de avaliación

3.1.1. OBSERVACIÓN:

Entendemos por observación o seguimento individual de cada alumno ao longo das horas lectivas de cada avaliación. Esta observación está suxeita a diversas continxencias (alta “ratio” de alumnos por aula para falaren ou seren “observados”, maior ou menor participación, grao de espontaneidade...) polo que a equidade e precisión deste instrumento de avaliación poden ser moi desiguais. A valoración deste item en cada avaliación poderá acadar un máximo do 25% da nota da avaliación.

A) Intervencións

Trinta centésimas de punto 0’30 será dedicado en tramos de 0’10 a avaliar tanto as intervencións orais na aula durante o desenvolvemento da mesma (respostas a preguntas xerais ou particularizadas, aclaracións a outros compañeiros, aplicación de coñecementos adquiridos para solventar dificultades que poidan surxir...) como as reiteradas faltas de atención, a falta de uso do idioma na comunicación da aula, a ausencia de material e a falta reiterada de realización nos exercicios propostos. Esta avaliación será computada polo profesor no decurso dos períodos lectivos.

Naqueles casos en que se detectar unha dificultade significativa na expresión oral da alumna ou alumno (ben en termos de competencia lgtca, ben na expresión ou en calquera outro aspecto o profesor poderá propor, para atinxir o nivel necesario para superar esta parte do currículo unha exposición oral, na aula ou noutro momento, sobre algún asunto dos contidos.

Alén disto entendemos dous tipos de elementos avaliábeis neste apartado:

B) Exercicios de aula:

Un punto con vinte (1’20) será a puntuación máxima neste apartado, repartidos en 4 ou 6 chamadas segundo as posibilidades e as circunstancias da aula concreta (número de alumnos, ritmo de avance na teoría, intervencións dos alumnos...).

Os alumnos farán traballos ou exercicios de diversa índole propostos polo profesor (colectivos ou individuais) con resolución oral ou no taboleiro. Estes exercicios cando foren avaliados terán un valor máximo de 0’20-0’30 cada un até completar o punto con vinte centésimas citado arriba.

C) Exercicios externos

Este apartado terá un valor máximo do 10% da nota da avaliación (1 pto) que pode corresponder a un único exercicio ou á suma de dous (cada un a 0’50 pts) en proporción ao número de exercicios avaliados

Son actividades realizadas polos alumnos en solitario, fóra da actividade regrada no centro, a proposta do profesor, relacionados cos contidos tratados na aula (comentarios, test, elaboracións de textos de diverso tipo...). A realización destes exercicios poderá ser voluntaria ou obrigada, segundo o criterio do profesor, e a corrección dos mesmos pode ser xeral ou

apenas seleccionando algúns alumnos. En todo caso procurárase que todos os alumnos teñan un mínimo de exercicios avaliados por avaliación. O 10% da nota da avaliación e será proporcionada ao número de exercicios avaliados.

3.1.2. PROBAS ESCRITAS e EXAMES:

Existirán tres tipos de probas escritas.

1. unha **proba de competencia lingüística escrita** realizada en cada avaliación con contidos progresivos (os contidos da proba do primeiro trimestre irán incluídos na proba do segundo e os da segunda nos da terceira). A proba de cada avaliación contará na **nota da avaliación un 25%**. De non se superar e aínda que obteñan polos demais conceptos unha nota igual ou superior a cinco (aprobado) na avaliación, os alumnos terán que superala nun exame final. Do mesmo modo os alumnos que non realizaren a proba na data fixada deberán realizar a parte correspondente no exame final.
2. outra proba, un **exame por trimestre**. Serán probas xerais que todos os alumnos dunha aula deberán realizar na mesma data (salvo casos excepcionais xustificados). Neles farase unha comprobación dos estándares considerados fundamentais de entre os que figuran no apartado correspondente, escollidos a criterio do profesor para comprobar a consecución da adquisición de capacidades básicas. Desta proba resultará o **50% da nota da avaliación trimestral**.
3. unha terceira proba, con carácter extraordinario, o **exame final**, para recuperar os contidos daquela ou aquelas avaliacións que a alumna ou alumno non tivera superado durante o desenvolvemento do curso e das probas de competencia lingüística.

3.2. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

Aínda que avaliación dos alumnos debe considerarse como o resultado final do proceso de ensino-aprendizaxe ou como mínimo como o resultado de cada ano académico, os alumnos serán avaliados, como se ven facendo desde hai tempo, durante cada ano académico, en tres períodos ou etapas. Estes tres diferentes momentos correspóndense coas tres avaliacións tradicionais: a 1ª avaliación, na semana do 14 ao 18 de decembro; a 2ª, na semana do 19 ao 23 de marzo e 3ª, na semana do 20 ao 23 de xuño.

3.2.1. AVALIACIÓNS PARCIAIS

Como indica o texto do decreto de 29 de xuño de 2015, en cada avaliación os profesores deben outorgar a cada alumno unha nota (numérica e conceptual no presente modelo) para definir o grao de consecución do proceso de aprendizaxe de cada un dos membros do alumnado. Seguindo este método, a nota de cada avaliación procederá dos resultados obtidos pola alumna ou alumno a través dos diversos instrumentos de avaliación definidos no punto 6.1. desta programación. No cadro de síntese da programación figuran as porcentaxes de cada instrumento, correspondente ao que se especifica a seguir.

As notas obtidas en cada avaliación será a suma dos valores do exame trimestral (50%), da observación (25%) e da proba de competencia lingüística (25%).

3.2.2. AVALIACIÓN FINAL

A nota final do curso resultará da media aritmética dos resultados das tres avaliacións incluída a puntuación obtida das probas de competencia lingüística.

Todos os alumnos que non alcanzaren unha avaliación positiva no final das tres avaliacións (isto é unha nota inferior a 5) poden presentarse a unha proba escrita (exame final), deseñada para comprobar a consecución da adquisición de capacidades básicas.

O exame de recuperación final, para todos os que tiveren unha, dúas ou tres avaliacións suspensas, será un día de xuño na semana previa ás avaliacións que será fixado polo profesor tendo en conta as circunstancias dos grupos.

A esta proba tamén terán que presentarse os alumnos que, aínda que obtiveren nota igual ou superior a 5 nas avaliacións non superan o 50% da nota nalguna das probas de competencia lingüística, para realizar a proba desta.

4. CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

4.1. CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

Os criterios de avaliación considerados para a superación do curso son os que figuran no Anexo III do decreto de 29 de xuño de 2015 para a materia de Lingua Galega e Literatura, aos que remito.

4.2. PROMOCIÓN DO ALUMNADO:

Segundo o decreto «o profesorado de cada materia decidirá, ao termo do curso, se o alumno ou a alumna lograron (sic) os obxectivos e alcanzaron o adecuado grao de adquisición das competencias correspondentes.» Axustándonos a este mandato pasamos a determinar os mecanismos da promoción.

- A) Para promocionar, isto é, superar o curso, os alumnos deberán obter unha nota igual ou superior a cinco (5) ao calcularse a media aritmética das tres avaliacións incluída a nota de competencia lingüística. A media farase sempre que a alumna ou alumno teña tres ou dúas avaliacións superadas, con os criterios básicos de avaliación superados.
- B) En caso de cualificacións “insuficientes” (inferiores a 5) en dúas avaliacións, aínda que a media aritmética der un resultado igual ou superior a cinco, o alumno non promocionará inmediatamente e deberá realizar unha proba escrita de unha ou dúas das avaliacións non superadas, á súa escolla, no momento de se realizar o exame final antes citado.

Para garantirmos o equilibrio na adquisición de estándares, así como na de obxectivos e competencias, e para paliar o desinterese e as actitudes (seleccionar o que prefiren en detrimento ou abandono do resto, por exemplo) consideramos necesario establecer que **en ningún caso se fará media cunha avaliación cualificada con tres ou menos puntos**, aínda que a media aritmética das tres avaliacións der cinco ou máis puntos. Neste caso a alumna ou alumno deberá demostrar a superación dos criterios de avaliación correspondentes a esa avaliación mediante unha proba escrita común a todos os alumnos na mesma situación (exame de recuperación) no momento de se realizar o exame final. Do mesmo modo os alumnos que tiveren máis dunha avaliación cualificada por debaixo do mínimo exixíbel deberá realizar proba escrita para demostrar a superación dos criterios de avaliación correspondentes.

Todas as probas de recuperación realizaranse nunha data establecida polo profesor durante o mes de xuño.

Para os alumnos que se examinen en xuño de unha, dúas ou tres avaliacións (exame final de recuperación) as notas promediarán coas avaliacións aprobadas durante o curso considerándose para este fin sempre a nota maior. A nota do exame final estará calculada para promediar coas outras notas sen ter en conta a notas de aula durante o curso.

Se algunha alumna ou alumno non superase os mínimos exixidos para promocionar despois de realizar a proba ou probas destinadas a recuperar as avaliacións non superadas durante o desenvolvemento do curso, para promocionar deberá realizar unha **proba escrita extraordinaria** nos primeiros días do mes **de setembro**, segundo o calendario que estableza a X.E. do centro.

5. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Respecto dos materiais e recursos o profesor propondrá aos alumnos diversos materiais segundo os considere mellor adaptados aos contidos tratados, os estándares de aprendizaxe procurados e ás competencias a seren adquiridas.

Entre outros materiais e recursos poderanse propor aos alumnos páxinas web (blogues), gravacións de son en diversos soportes (cassettes, mp3,...), vídeos e material multimedia (películas, documentarios), textos en papel (enciclopedias, libros, apuntamentos, artigos, esquemas...), explicacións de viva voz con ou sen apoio textual ou das TIC (esquemas, apuntamentos, Power Point...) emitidas polo profesor, por colaboradores ou polos mesmos alumnos, diálogos preparados ou espontáneos e calquera outro material que se considere funcional para o obxectivo pretendido.

2º BACHARELATO

1. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

A contribución da programación ás competencias determinadas pola LOMCE está especificada na táboa do desenvolvemento da programación de 2º de bacharelato, en interrelación cos obxectivos, contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe.

2. CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES DA MATERIA

Dado que os estándares de aprendizaxe procurados pola LOMCE están xa predeterminados nesta, sinalamos a contribución á súa adquisición no cadro que figura na parte inferior como síntese das interrelacións dos diversos aspectos que deben terse en conta no desenvolvemento da materia.

3. TEMPORALIZACIÓN

A temporalización por avaliacións está detallada no cadro do desenvolvemento da programación. Esta temporalización está condicionada e é susceptible de adaptación por factores como (o nivel de coñecementos do grupo, a súa interacción no proceso de aprendizaxe, a coincidencia de períodos lectivos con días festivos, actividades do centro, conmemoracións e o calendario previsto para a realización da reválida proposta pola LOMCE).

4. GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA

- ✦ Comprende o sentido global dun texto, a súa intención comunicativa, estrutura e características
- ✦ Recoñece o tema, as ideas principais e secundarias e traslada a información relevante a esquemas e mapas conceptuais.
- ✦ Comprende, interpreta, analiza e valora diferentes tipos de textos (expositivos, argumentativos do ámbito académico, informativos de opinión e da publicidade)
- ✦ Realiza producións orais planificadas e espontáneas adecuadas á situación comunicativa con coherencia, cohesión, corrección (fonética, léxica e gramatical), coa axuda das TIC e con control das emocións ao falar en público.
- ✦ Planifica, produce e revisa textos de distintos ámbitos de uso adecuados á situación e á intención comunicativa, con coherencia, cohesión, corrección gramatical coa axuda das TIC ao longo de todo o proceso.
- ✦ Identifica e define os fonemas vocálicos e consonánticos da lingua galega.
- ✦ Identifica e recoñece as variedades dialectais e os seus trazos característicos como parte do noso patrimonio cultural
- ✦ Recoñece e explica o proceso de formación de palabras.
- ✦ Analiza e explica a estrutura morfolóxica das palabras
- ✦ Recoñece as distintas unidades sintácticas e analiza as súas funcións, empregando a terminoloxía axeitada

- ✦ Reflexiona e explica as relacións e unidades semánticas.
- ✦ Coñece, analiza e interpreta os prexuízos lingüísticos presentes no galego en relación á situación sociolingüística.
- ✦ Describe e interpreta o proceso de construción da variedade estándar da lingua galega.
- ✦ Identifica as desviacións da norma, en especial as interferencias lingüísticas e desenvolve un discurso propio libre destes elementos.
- ✦ Distingue as características lingüísticas do galego moderno (desde 1916 ata 1978)
- ✦ Describe o contexto histórico e cultural, situación sociolingüística do galego moderno (desde 1916 até 1978)
- ✦ Distingue as características lingüísticas, fundamentais do galego moderno desde 1978 até a actualidade
- ✦ Describe o contexto histórico e cultural, situación sociolingüística do galego moderno desde 1978 até a actualidade.
- ✦ Identifica analiza e describe a poesía galega de 1916 até a actualidade, autores, obras, contexto
- ✦ Le e comenta textos representativos da poesía galega de 1916 á actualidade, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto socio-histórico e sociolingüístico.
- ✦ Identifica analiza e describe a prosa galega de 1916 a actualidade, autores, obras, contexto.
- ✦ Le e comenta textos representativos da prosa galega do 1916 até a actualidade, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto socio-histórico e sociolingüístico.
- ✦ Identifica analiza e describe o teatro galego de 1916 á actualidade 1936, autores, obras e contexto.
- ✦ Le e comenta textos representativos do teatro galego do 1916 até a actualidade, caracterízaos formal, estutural e tematicamente e ponos en relación co contexto socio-histórico e sociolingüístico.
- ✦ Analiza e comenta a través de probas escritas, orais ou traballos unha obra completa de cada período literario referido.

5. INSTRUMENTOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

5.1. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Como instrumentos de avaliación empregaranse os seguintes:

A. TRABALLO DIARIO: supón un 10% da nota avaliación trimestral.

É o seguimento individual de cada alumno/a ao longo das horas lectivas de cada trimestre. Esta avaliación está suxeita a diversas continxencias (alta “ ratio” de alumnos por aula, maior ou menor participación, grao de espontaneidade...) polo que a equidade e precisión deste instrumento de avaliación pode ser moi desigual. Neste apartado inclúense:

- ✦ As intervencións, que abranguen un amplo espectro de participacións orais na aula durante o desenvolvemento da mesma (respostas a preguntas xerais ou particularizadas, aclaracións a outros compañeiros..). Esta avaliación será computada polo profesor no decurso dos períodos lectivos.
- ✦ Exercicios de aula e da casa: os alumnos farán exercicios de diversa índole (colectivos

ou individuais) sobre os contidos tratados, durante o tempo das sesións académicas da aula e na casa, con resolución oral ou escrito no taboleiro.

- ✦ Análise da expresión oral do alumnado

B. PROBAS ESCRITAS: supoñen o 90% da nota avaliación trimestral.

Os exames serán probas xerais que todos o alumnado dunha aula deberá realizar na mesma data (salvo casos excepcionais xustificadas). Neles farase unha comprobación dos estándares considerados fundamentais. En cada avaliación deberá realizarse como mínimo un exame, sen prexuízo de que os profesores poidan establecer dous ou máis exames para a avaliación dun trimestre. Neste último caso indicárase no propio exame a porcentaxe de nota das probas escritas rerepente cada unha das probas escritas.

5.2.PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

Aínda que avaliación dos alumnos debe considerarse como o resultado final do proceso de ensino-aprendizaxe ou como mínimo como o resultado de cada ano académico, os alumnos serán avaliados, como se vén facendo desde hai tempo, durante cada ano académico, en tres periodos ou etapas.

Estes tres diferentes momentos correspóndense coas tres avaliacións tradicionais:

1ª avaliación(10 decembro)

2ª avaliación (11 marzo)

3ª avaliación (20 maio)

AVALIACIÓNS PARCIAIS

Como indica o texto do decreto de 29 de xuño de 2015, en cada avaliación os profesores deben outorgar a cada alumno unha nota (numérica e conceptual no presente modelo) para definir o grao de consecución do proceso de aprendizaxe de cada un dos membros do alumnado. Seguindo este método, a nota de cada avaliación trimestral verá determinada pola puntuación obtida nas probas escritas e a obtida no traballo diario.

A puntuación obtida nas probas escritas suporá o 90% da nota da avaliación trimestral. O restante 10% corresponderá á nota obtida no traballo diario.

AVALIACIÓN FINAL

A nota final do curso resultará da **media aritmética das tres avaliacións trimestrais**, que suporá o 100% da nota final. O alumnado que non alcance unha avaliación positiva poderá presentarse a unha proba escrita (exame final), deseñada para comprobar a adquisición das capacidades básicas. A nota obtida na proba escrita suporá o 100% da nota final do curso.

O alumnado que non supere a materia en maio deberá realizar unha proba escrita extraordinaria nos últimos días do mes de xuño, segundo o calendario que estableceza a X.E. do centro. Neste caso, a nota obtida nesa proba suporá o 100% da nota da avaliación extraordinaria.

5.3. CRITERIOS DE CORRECCIÓN ESCRITA

Os seguintes criterios son aplicábeis a todas as probas, exercicios, traballos e demais actividades escritas que os alumnos entreguen ao longo do curso.

Por cada falta de ortografía, morfosintáctica ou léxico-semántica poderase descontar entre 0'10 e 0'50 até un máximo dun 20% da puntuación máxima posible no exame, proba escrita, exercicio ou traballo. O profesorado poderá optar por aplicar este desconto no conxunto do exame, proba, etc, nalguna pregunta concreta ou unha combinación de ambos. En todo caso, na proba escrita especificarase o criterio que se vai aplicar.

6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

O profesorado propondrá ao alumnado diversos materiais segundo o considere mellor adaptados aos contidos tratados, os estándares de aprendizaxe procurados e ás competencias a seren adquiridas.

Os materiais e recursos serán páxinas web, blogs, grabacións de sons en diversos soportes, vídeos e material multimedia, textos en papel (libros, apuntamentos, artigos, esquemas), explicacións de viva voz con ou sen apoio textual ou das TIC (Esquemas, power point...) emitidas polo profesor e polo propio alumnado e calquera outro material que se considere funcional para o obxectivo pretendido

DESENVOLVEMENTO PROGRAMACIÓN 2º BACHARELATO

Obx	Contidos	Criterio avaliación	Estándares aprendizaxe	C.C	Actividades	Temas transversais		Temporalización	
						Probas escritas 90%	Observación 10%		
D	B.1.1	B1.1	LGB1.1.1	CCL	Proxección de audiovisuais				
E	B.1.2	B1.2	LGB1.1.2	CAA				CLe EOE	1 AVALIACIÓN
G	B1.4	B1.4	LGB1.1.3	CSC				CA	
H	B1.5	B1.5	LGB1.2.1	CSIEE	Análise dos seu contido,	X	X	SeCDV	
I	B1.6	B1.6	LGB1.2.2		Conversas espontáneas				
C	B1.9	B1.9	LGB1.2.3						
B	B1.11	B1.11	LGB1.4.1					NDSX	
M			LGB1.5.2		Actividades de comprensión oral			TIC	
A			LGB1.6.1 LGB1.6.2		Actividades de expresión				

			LGB1.9.1 LGB1.11.1 LGB1.11.2 LGB1.11.3		oral planificadas				
B D F H	B.2.1 B.2.2 B.2.3	B2.1 B2.2 B2.3	LGB2.1.1 LGB2.1.4 LGB2.2.1 LGB2.2.2 LGB2.3.2 LGB2.6.1 LGB2.5.1	CCL CCA CD CSC	Exercicios prácticas de lingua(ortografía, morfoloxía) Esquemas, resumos Actividades de comprensión e expresión textual	X	X	EMP EOE SC EA e RMN TIC	
E D	B3.1 B3.2	B3.1 B3.2	LGB3.1.1 LGB3.1.2 LGB3.2.1	CCL CAA CCEC	Audicións Análise de mapas e textos Transcripción fonolóxica	X	X	CL EOE TIC EMP EC DISC	
P	B4.1 B4.2 B4.5	B4.1	LGB4.1.1. LGB4.1.2 LGB4.3.1 LGB4.3.2 LGB4.3.3 LGB4.3.4	CCL CSC	Actividades de comprensión textual Debates Visionamento videos Actividades de reflexión e argumentación.	X	X	CL EOE CA TIC EC RED NDSX	
E N D	B5.1 B5.2 B5.7	B5.1 B5.2 B5.7	LGB5.1.1 LGB5.1.2 LGB5.1.3 LGB5.2.1 LGB5.2.2	CCL	Comentario de textos literarios Elaboración mapas conceptuais	X	X	CL EOeE TICe CA EMP EC	

			LGB5.2.3 LGB5.7.1		Visionamento audiovisuals(power point...) Lectura e análise de obras completas			RED SeCDV	
D E G H A B I M	B1.3 B1.4 B1.5 B1.6 B1.8 B1.9	B1.3 B1.4 B1.5 B1.6 B1.8 B1.9	LGB1.3.1 LBB1.3.2 LGB1.3.3 LGB1.3.4 LGB1.4.2 LGB1.4.3 LGB1.5.1 LGB1.5.2 LGB1.5.3 LGB1.5.4 LGB1.5.5 LGB1.5.6 LGB1.6.3 LGB1.6.4 LGB1.8.1 LGB1.8.2 LGB1.9.1	CAA CCL CSC CSIEE	Visionamento videos medios comunicación social Actividades de expresión oral planificadas Actividades de comprensión oral	X	X	CL EOE TICe CA NDSX EAeRMN	2ª A V A L I A C I Ó N
B D F H E	B2.1 B2.3 B2.4 B2.5	B2.1 B2.3 B2.4 B2.5	LGB2.1.2 LGB2.1.3 LGB2.3.1 LGB2.3.3 LGB2.3.4 LGB2.4.1 LGB2.4.2 LGB2.5.2	CCL CD CAA CSIEE	Actividades de comprensión e análise textual Exercicios de prácticas de lingua(morfoloxía) Actividades de procura información TIC (uso corrector, notas a pé, bibliografía)	X	X	CCL EOE TIC e CA EMP EV SCV	

			LGB2.5.3						
E	B3.3	B3.3	LGB3.3.1	CCL	Actividades de análise	X	X	CL	
B	B3.4	B3.4	LGB3.3.2	CAA	Sintáctica			TIC	
H	B3.6	B3.6	LGB3.3.3	CD	Elaboración de reseñas películas			EMP	
	B3.7	B3.7	LGB3.4.1						
			LGB3.6.1						
			LGB3.7.1						
H	B4.3	B4.2	LGB4.2.1	CCL	Esquemas	X	X	CL	
P	B4.4	B4.3	LGB4.2.2	CSC					
	B4.5		LGB4.3.1	CCL	Actividades de reflexión e procura de información			TIC	
			LGB4.3.2						
			LGB4.3.3						
			LGB4.3.4						
			LGB4.3.5		Elaboración de textos argumentativos			EMP	
								EC RED	
E	B5.3	B5.3	LGB5.3.1	CCL	Comentarios literarios	X	X	CL	
N	B5.4	B5.4	LGB5.3.2						
D	B5.7	B5.7	LGB5.3.3		Actividades de procura información en diferentes recursos(bibliográficos, audiovisuais, dixiais..)			TIC	
			LGB5.4.1						
			LGB5.4.2						
			LGB5.4.3						
			LGB5.7.1		Lectura e análise de obras completas			EMP	
					Elaboración esquemas, mapas conceptuais.			EC	
								RED	
A	B1.5	B1.5	LGB1.5.1	CCL	Actividades de expresión oral planificadas		X	CL	3ª avaliación
B	B1.6	B1.6	LGB1.5.2	CAA	Debates			EOE	
C	B1.7	B1.7	LGB1.5.3	CSC					
E	B1.8	B1.8	LGB1.5.4	CSIEE	Conversas espontáneas			TIC	
M	B1.9	B1.9	LGB1.6.1						
G	B1.10	B1.10	LGB1.6.2						
			LGB1.6.3						
			LGB1.6.4		Actividades de comprensión oral			EA e RMN	
			LGB1.8.1						
			LGB1.8.2						
			LGB1.9.1						

			LGB1.10.1 LGB1.10.2						
B	B2.1	B2.1	LGB2.1.4	CCL	Elaboración de guións para exposicións	X	X	CL	
D	B2.3	B2.3	LGB2.3.1	CCA				EOE	
F	B2.5	B2.5	LGB2.3.2	CSC				EMP	
H	B2.6	B2.6	LGB2.3.3	CD	Elaboración de comentarios críticos			SeCDV	
E			LGB2.5.2 LGB2.5.3 LGB2.6.2		Actividades de reflexión e argumentación			TIC NDSX	
E	B3.5	B3.5	LGB3.5.1	CCL	Actividades de análise sintáctica	X	X	CL	3ª avaliación
B	B3.6	B3.6	LGB3.6.1	CAA				EOE	
H	B3.7	B3.7	LGB3.7.1	CD	Actividades de análise semántica			EMP	
P	B4.6	B4.4	LGB4.4.1	CCL		X	X	CL	
	B4.7	B4.5	LGB4.4.2	CCEC	Esquemas			EOE	
	B4.8	B4.6	LGB4.4.3	CSC				TIC	
			LGB4.4.4		Actividades de reflexión e procura de información			EMP	
			LGB4.4.5					NDSX	
			LGB4.5.1 LGB4.6.1						
E	B5.5	B5.5	LGB5.5.1	CCL	Comentarios literarios	X	X	CL	
N	B5.6	B5.6	LGB5.5.2					EOeE	
	B5.7	B5.7	LGB5.5.3		Actividades de procura información en diferentes recursos(bibliográficos, audiovisuais, dixiais..)			CA eTIC	
			LGB5.6.1					EMP	
			LGB5.6.2					ECe RED	
			LGB5.6.3 LGB5.7.1		Lectura e análise de obras completas Elaboración esquemas, mapas conceptuais.				

7. PROCEDEMENTOS PARA A SUPERACIÓN DA MATERIA PENDENTE DE 1º DE BACH

a) EXAMES PARA ALUMNOS COA MATERIA DE 1º PENDENTE

Os alumnos de segundo de bacharelato coa materia de LGL 1 non superada contarán, para superar a materia, con dúas convocatorias do **EXAME PARA PENDENTES**.

Unha por volta da segunda semana de **xaneiro de 2019** e outra nos primeiros días de **maio** do mesmo ano. En ambos os casos o exame **avaliará a materia completa** e, de superalo quer nunha quer noutra convocatoria, a nota será trasladada à avaliación final da materia de 1º de bacharelato en maio.

Neste caso o alumno ou alumna tamén poderá ser avaliado da materia de segundo de bacharelato en maio. **En caso de non superar os exames da LGL pendente de primeiro non serán avaliados da materia de 2º de Bacharelato até superaren a materia de 1º.**

Como **mecanismo de axuda e repaso da materia dada no curso de 1º** o profesor encargado da docencia no nivel poderá fornecer as alumnas e alumnos dun **caderno de exercicios** que será depositado na conserxería do centro para que poidan fotocopiálo se así o consideraren oportuno. **EN NINGÚN CASO A REALIZACIÓN DESTE CADERNO É UN MEDIO PARA SUPERAR A AVALIACIÓN** nin substitúe as convocatorias de exames para alumnos con materias pendentes nin o da convocatoria extraordinaria de setembro.

b) EXAME EXTRAORDINARIO DE SETEMBRO

Se algunha alumna ou alumno **non superase** os mínimos exixidos para promocionar despois de realizar **as probas para alumnos con pendentes de xaneiro e maio**, destinadas a recuperar a materia pendente de 1º de Bacharelato **deberá realizar unha proba escrita extraordinaria nos primeiros días do mes de setembro**, segundo o calendario que estableceza a X.E. do centro.

En caso de non superar a materia pendente de 1º de bacharelato na convocatoria extraordinaria de setembro os alumnos non poderán ser avaliados da materia de 2º de bacharelato.